

## **IMPORTANTE:**

**O SERGAS modifica o criterio e a retribución especial do 25 de xuño tamén incluírá ao persoal que teña quenda asinada ese día.**

**Retribución do 25 de xuño de 2023** (quendas de noite do día 24 e de mañá e tarde do 25 de xuño), pola coincidencia co exame da OPE de enfermeira/o:

- **Persoal que teña algunha quenda asignada na carteleira e o persoal que cambie de quenda e traballe o día 25 de xuño:** cobrará como un día de especial significación (é dicir, quendas de mañá ou tarde dous módulos de festivo, e quenda de noite dous módulos de noite prefestiva).

Quenda de mañá e tarde (7 horas)	$74,06 \times 2 = 148,12$ euros
Quenda de noite (10 horas)	$73,90 \times 2 = 147,80$ euros

- **Persoal que faga a quenda a maiores da súa xornada:** cobrará a xornada complementaria actual máis un módulo adicional de festivo ou noite prefestiva segundo corresponda.

Quenda de mañá e tarde de domingo (7 horas)	$218,54 + 74,06 = 292,60$ euros
Quenda de noite de sábado (10 horas)	$280,30 + 73,90 = 354,20$ euros